

MARÍA
MARÍA

XOSÉ
XOSÉ

QUEIZÁN
QUEIZÁN



! LAURA GÓMEZ

Ela é unha desas mulleres que excusa presentación. Nacionalista, pioneira do feminismo galego, profesora de galego en bacharelato, escritora prolífica que vai tocando tódolos xéneros literarios, sabe do tesón e do esforzo que requiren os pequenos avances sociais, sabe do amor e o esforzo na procura das palabras que den forma ao pensamento.

A: No pasado ano 1998 sae do prelo a tua obra *Misoxinia e racismo na poesía de Ponal*, que deu moito que falar, tanto en prensa escrita como en programas de radio ou debates televisivos. Tamén en outubro do pasado ano recibes unha homenaxe da Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG), que propón, ademais, ao Concello de Vigo dar o teu nome a unha rúa da cidade. Co gallo desta homenaxe, xerais fai unha fermosa edición do teu relato, *O solpor da cupletista*. a fundación Caixa Galicia remata de publicar *Viguísimos*, libro no que figuras entre outros persoeiros vigueses e viguesas. Quere isto dicir que certas cousas van cambiando nesta sociedade para algunhas mulleres con voz propia?

MXQ: Si, evidentemente este foi un ano de ruptura do teito. A verdade é que este premio da Asociación de Escritores é importante que se dé a unha muller e que se dé a unha escritora das miñas características. É romper con cousas e isto é importante para esta sociedade. Eu alegro-me pola sociedade, tamén por min, pero fundamentalmente polo que eso significa. Sempre fun unha escritora moi incómoda, sempre me tocou poñer o dedo na

chaga en moitas cousas e en anos atrás era unha espiñeira de bruxa, os meus libros foron silenciados, isto é unha realidade. Claro, son moitos anos traballando tamén, aquí se xunta o meu traballo e ademais que a sociedade vai avanzando un chisco e de aí resulta que algo saía do silencio e que se recoñezan certas cousas.

A: Remontemo-nos anos atrás, a 1976, data en que escribes «A lingua galega e a muller», que pertence a obra *A muller en Galicia* (1977), e que tiro da escolma de artigos aparecidos no teu libro *Evidencias* (1989). Nese capítulo, dis textualmente: «No caso do galego, coido que os lingüistas teñen que ser particularmente estrictos. Precisamente polo feito de que o galego queda-se reducido a unha lingua de paisanas. Porque o galego perdeu o tren do Renacemento e da Ilustración». Como era, daquela, escribir en galego sen o apoio dunha normativa gramatical?

MXQ: Cando empezaron a escribir en galego os escritores do Rexurdimento, Rosalia por exemplo, tiveron que empregar a lingua oral porque non tiñan modelo escrito, inclu-



Foto : Maria Esterrán

so descoñecían a existencia da literatura medieval galega. Escribir en galego ten un dobre traballo, o traballo que a escrita pode ter en calquera outra lingua normalizada pero, a maiores, ten o traballo de ir construíndo unha lingua literaria, porque como todo o mundo sabe non é igual a lingua oral que a lingua escrita en ningunha lingua do mundo. Ir creando unha lingua literaria foi algo que levou o seu tempo, agora hai unha maior calidade lingüística no galego pero porque antes se encargaron de ir desbrozando estes eidos un pouco asilvestrados.

A: Refería-me máis ben a esas datas, anos setenta, en que comencan a facer-se as primeiras normativas.

MXQ: Ben, eu empecei a escribir nos anos sesenta e a miña primeira novela é do ano 1963, logo saíu no 65, entón eu non tiña máis que as leituras que podía facer de escritores galegos. O mellor, nun mesmo texto, tiña distintas opcións, porque me parecía que así era máis divertido, algunhas destas opcións hoxe, evidentemente, habería que desbotalas. Escribiamos un pouco por mimetismo, porque

non había estudos de galego. Eu son da primeira promoción de licenciados en galego-portugués e rematamos no ano 1979; é dicir no ano 1979 saen as primeiras persoas licenciadas en galego na historia deste país. É moi recente todo.

A: Que futuro lle agarda a lingua galega, nunha situación de diglósia e con tres sistemas normativos diferentes en uso: o chamado galego normativo, o galego reintegracionista lusista, e o galego de mínimos, proposto pola Mesa pola Normalización Lingüística?

MXQ: A min non me parece perigoso nin conflictivo que coexistan distintas interpretacións de como debe ser a normativa galega, unha normativa lingüística non se fai da noite para a mañán, en castelano tardou séculos, o galego tamén o temos que usar e ir vendo. O perigo do galego non é a normativización senón a normalización, desde o meu punto de vista, aí sí que hai un problema e o problema é político. Evidentemente, o galego manterá-se se o pobo galego decide mante-lo e se a política coincide con esas aspiracións. As situacións de bilingüismo social realmente non existen. Hai aspectos que nos conducen ao optimismo e outros que nos conducen ao pesimismo. Eu non quero facer de profeta. Espero que se manteña, aínda que non chega coas boas intencións. Cando na clase de galego se propón este tema o alumnado di: «Que va, non, o galego non pode desaparecer!» Pero en canto saen da clase falan castelano. Ten que haber unha vontade decidida por parte das autoridades, que teñen que poñer as canles para iso, e logo a vontade popular de que iso sexa así.

A: A meirande parte dos/as críticos/as e escritores/as en lingua galega, coinciden en comentar a “boa saúde” da literatura galega. Que botas ti en falta?


MXQ: Eu diría que a poesía sempre tivo moi boa saúde en Galiza e que, sobre todo nos últimos tempos, a poesía de mulleres é moi importante, moi variada e de moita calidade. Creo que aí estamos a un nivel co que podemos presentar-nos en sociedade. A narrativa, xa non tanto. A narrativa de mulleres xa é moito máis escasa. A narrativa en xeral ten un nivel moi bo, moi digno, ás veces a xente non sei o que quere, nen o que pide, nen o que le noutras linguas. Se a comparamos, desde logo, coa literatura castelana non tería ningunha dúbida en dicir que moi ben. O que boto en falta na literatura galega é un pouso máis realista e un reflexo maior

O que boto en falta na literatura galega é un pouso máis realista e un reflexo maior da sociedade

[...]

Gustaría-me que houbera máis este tipo de literatura, non xa por razóns literarias, de gusto literario, senón, sobre todo, por razóns socio-históricas.

AS HISTÓRIAS DAS MULLERES DESTA PAÍS ESTÁN SEN CONTAR [...]



Nada é neutro e a literatura, desde logo, tampouco. A miña posición ten un compromiso ideolóxico como punto de partida a hora de propor a obra literaria. Non todo o mundo parte do mesmo, pero a ideoloxía está en todo texto literario

da sociedade. En Galiza hai un exceso de literatura fantástica, un ir-se a outras épocas e incluso a mitos, desde Cunqueiro até os nosos días, hai un escapismo excesivo cara a ese tipo de literatura. Non é que eu diga que ese tipo de literatura non está ben, non, senón que creo que ten que haber o peso dunha literatura que quede como testemuña da realidade. E máis, no caso de Galiza, que é un país que non tivo historia até agora realmente, unha literatura que contara como foi a realidade social noutras épocas históricas é moi necesaria. Cousas tan importantes, incluso no peor sentido, como pode ser o narcotráfico, onde están as novelas do narcotráfico?; onde están as novelas que nos falen dos nosos problemas, da emigración?, a emigración está tratada como unha lenda, aí hai tantas e tantas novelas... e variadas. Gustaría-me que houbera máis este tipo de literatura, non xa por razóns literarias, de gusto literario, senón, sobre todo, por razóns socio-históricas.

As historias das mulleres deste país están sen contar, é unha lástima que non haxa narradoras que nos conten das mulleres nos distintos aspectos. Porque as mulleres en Galiza foron fundamentais e foron sempre traballadoras... O que fixo a Pardo Bazán (*La tribuna*), cantas "tribunas" habería que escribir? Hai tantos oficios, tantas mulleres con tantas historias... e van morrendo, e non as sabemos. Eu escribí *Amor de tango*, que é contar un anaco de historia, para iso tiven que me documentar. Pero hai mulleres que teñen moitas historias. Había que dicir-lles iso as mulleres, que deixasen rexistradas as historias aínda que non saiban escribir, que as deixen gravadas, escritas, como sexa, para que logo iso se poida reelaborar e non se perdan.

A: Que está a pasar co noso teatro?

MXQ: O teatro, a verdade é que é un xénero que en galego non tivo moito cultivo. A miña opinión é que se empezou a casa polo tellado, cando se creou aquí o Centro Dramático Galego tiñan que ter creado un Instituto do Teatro. Hai que empezar por formar directores, actrices, actores... A concepción do teatro como afición está ben para unha función de coléxio. Considero que todo ten que ter unha aprendizaxe séria e rigorosa e aquí non se empezou por aí, hai un problema básico na concepción teatral do país. O teatro é unha cousa histriónica, e precisamente por esa caréncia. E creo que o teatro debe ter ademais, hoxe en día, outros obxectivos máis terapéuticos incluso, máis formativos, pode abarcar moitos aspectos e hai que interpreta-

lo en función de diversas cousas, non tanto como aquel espectáculo de sempre.

A: A que coidas que se debe o feito de que estea tan espallada esa opinión de que creatividade literaria e compromiso político non fan unha boa combinación?

MXQ: Eu considero que a ideoloxía é inseparable de calquer comportamento humano e polo tanto de calquera creación humana. O que pasa é que parece que se considera que só temos ideoloxía a xente de esquerda. Cando a xente di que é apolítica xa sabemos por onde van os seus intereses e os seus desintereses. Nada é neutro e a literatura, desde logo, tampouco. A miña posición ten un compromiso ideolóxico como punto de partida a hora de propor a obra literaria. Non todo o mundo parte do mesmo, pero a ideoloxía está en todo texto literario. A ausencia de compromiso tamén o é. O panfleto é o panfleto e a literatura é a literatura, son xéneros diferentes. Unha obra literaria pode ser de extraordinaria calidade e transmitir ideoloxía, tanto de dereitas como de esquerdas.

A: Para encher que valeiro ou cubrir que necesidade xorde no ano 1983 a revista que ti coordinas, *Festa da Palabra Silenciada*?

MXQ: *A Festa da Palabra Silenciada* nace coa idea de facer unha revista elaborada exclusivamente por mulleres e con unha traxectoria cultural con ollada feminista. Ten un peso maior literario porque dentro da nosa sociedade temos menos mulleres científicas ou menos mulleres arqueólogas... a maior parte do mundo das mulleres en Galiza está moi focado no aspecto literario. O resultado é que xa está acufiado por críticas de arte o movemento literario, poético fundamentalmente, da *Festa da Palabra Silenciada*. Na medida en que se uniron as voces das nosas poetas maiores, Pura e Dora Vázquez, Luz Pozo Garza, xunto coas que agora teñen libros publicados e que se iniciaron publicando os seus poemas na *Festa...*, ou relatos, xunto a traducións de escritoras foráneas, foi-se creando un caldo de cultivo importante. Aí se falou de todos os libros de mulleres que saían cada ano en Galiza. Foi a casa común de todas as escritoras galegas. Polo feito de que fora eu quen realizara a *Festa...*, que son unha muller independente, tivo un aspecto moi importante, ao meu ver, que foi que aí están unidas mulleres de distintos partidos e tendencias, que ao principio chocaba un pouco, mulleres que estaban no PP, no PSOE, no Bloque, noutra partido ou en ningún, cousa que non sería posible noutras publicacións e tampouco nas publi-

cacións masculinas, que parecía que estaban moi marcadas, sobre todo hai uns anos. E a pesar desta enorme amplitude, é feminista, soubémo-lo levar de modo que houberse unha coherencia. Serviu tamén para dar a coñecer o feminismo, distintos aspectos, distintas correntes. Hai temas monográficos dedicados a variados aspectos e logo a figuras literarias importantes, tanto galegas como españolas. Acaba de saír o número 14, que está dedicado a arquitectura e urbanismo, é un número no que a *Festa...* cámbia, porque deixa de ser unha revista de mulleres para ser unha revista feminista pero con publicacións masculinas tamén; está aberta a que publiquen certos homes, tanto polo aspecto das vangardas como pola reivindicación da igualdade das mulleres. Consideramos que estaba cumprida esa primeira etapa na que as mulleres necesitábamos reivindicar-nos, unir-nos e necesitábamos o orgullo de dicir «isto facémolo nós»; e poder dicir tamén «a ver que pasa nas outras revistas literarias de Galiza, que non aparecen mulleres?», e cando respostan, «non, é que non hai», «como que non hai?, mira a nómina da *Festa da palabra...*, extensísima». Pero agora esa etapa xa está vencida, as mulleres xa están publicando os seus libros, xa están saíndo do silencio e entón entramos noutra etapa, a palabra «silenciada», vai 'silenciada', vai pequeniña...

A: No grafismo?

MXQ: Sí, no grafismo, vai disimulada, queremos chamarlle *Festa da Palabra*.

A: Volvendo os teus ensaios de carácter feminista, *A muller en Galicia* (1977), *Recuperemos as mans* (1980), *Evidencias* (1989), resistirían hoxe unha revisión crítica, en canto a presupostos feministas, pola túa banda?

MXQ: Ben de feito, o meu libro de ensaios anterior ao de Pondal, *Escrita da certeza*, incluso pode que eu o diga en ocasións, da conta de que xa non suscribiría moitas das cousas que teño escrito, tanto en *Recuperemos as mans* como en *Evidencias*. Está claro que o pensamento feminista avanza e eu tamén, non estou de acordo xa con moitos presupostos que defendía hai anos. As células cambian, as persoas tamén, os pensamentos... vas evoluindo e espero continuar.

A: Sen contar os seus comezos, o feito de ser feminista está hoxe máis tinguido de "malditismo" que hai algúns anos? Refíro-me a que como xa se acadaron algunhas pequenas melloras, hai quen considera o feito de

ser feminista como algo que pertence o pasado e aí debería quedar..., como unha figura histórica ou trasnoitada.

MXQ: Eu non creo que haxa ninguén que teña dous dedos de fronte e un mínimo de boa vontade que non se decate de que ás mulleres nos queda moitísimo para alcanzar unha equiparación social. Hai problemas tan sangrantes como o da violencia, que non creo que ninguén se poña a discutilo porque é algo terrible. A violencia xenérica é tremenda e as mortas están aí, e sabemos que non se denuncian nen o dez por cento das agresións ou das violacións O ano 1997 pasará a historia como un ano importante porque por primeira vez o tema da violencia saltara á primeira páxina dos xornais e dos telexornais. Levábase as feministas máis de vinte anos contando as mortas, nós soas, ninguén máis as contaba, iso non trascendía nunca a barreira informativa. A imaxe que aparece das mulleres nos medios de comunicación segue sendo unha imaxe de obxecto sexual, ou de obxecto consumista que non é equiparable tampouco a masculina. A lingua segue sendo unha lingua masculina. Eu non sei onde hai que mirar para dicir que as mulleres xa non temos nada que reclamar. Non sei de onde pode saír a idea de que o feminismo non é necesario. Algo conseguimos, pero moi pouco aínda. As novas xeracións teñen que coller o testigo para seguir adiante. Eu creo que nunha situación de democracia, como é a actual, este camiño é imparable. Cando un problema pasa de ser un problema persoal, ou dun grupo, ou dun xénero, a ser

Eu boto en falta certos aspectos do feminismo inicial dos anos setenta, porque era un feminismo máis social, na medida en que moitas de nós procedíamos do socialismo ou do comunismo, dunha concepción filosófica marxista, o feminismo tiña un entronque máis social que habería que retomar un pouco.



Foto: Mónica Bar

